Misterio na Curota

Parecía que ía ser un curso normal no CEP Salustiano Rey Eiras, como cada ano, pero ninguén podía chegar a imaxinar o que ía acontecer…

Todos os nenos e nenas de 1º estaban ledos polo comezo do novo curso: novo colexio, novos amigos e novos mestres. Esperaban nerviosos na entrada do cole pequeno, agochados detrás dos seus pais.

Tocou o timbre e os nenos de 1º entraron para a súa clase. Sentáronse na alfombra todos xuntos. Despois de saudarse, presentáronse uns aos outros: a Natalia gustáballe a natación, Manuel era alérxico ás legumes, Diego era diabético, Xoán tocaba o violín… ata había unha nena, Alexia, que era alérxica a mooooitos alimentos como aos ovos, á froita e aos froitos secos.

Lois, que era un neno moi medorento, ao escoitar algunhas das palabras que dixeran os seus compañeiros como "alérxico" ou "diabético", comezou a preocuparse e púxose moi triste pensando que estes nenos estaban enfermos ou eran "raros" e que non poderían facer as mesmas cousas que os demais.

Pero a mestra explicoulles a todos, especialmente ao atemorizado Lois, que as alerxias son reaccións anormais que se producen no corpo a cousas que normalmente son inofensivas para a maioría da xente. Agora, era Matías o que non entendía nada, así que a mestra explicouno dunha maneira máis sinxela: algunhas persoas non poden tomar, ulir ou tocar determinados alimentos ou substancias, xa que poden provocarlles manchas na pel, dificultades para respirar, suores… e incluso poderían chegar a producirlles a morte. Con respecto á diabetes contoulles que esta prodúcese porque hai nenos ou nenas aos que non lles funciona o páncreas e, polo tanto, non segrega insulina que é a hormona que normaliza os niveis de azucre no sangue. Estes, no neno diabético, poden ser superiores ou inferiores ao normal.

Vendo a profesora que os nenos e nenas poñían caras raras invitou a Diego, que era diabético, a que el o explicase dunha forma máis sinxela:

- O noso corpo funciona con azucre. Este vai polo sangue ata que chega ás células. O noso páncreas produce unha substancia que se chama insulina que é como a chave que abre a porta para que entre o azucre na célula. No meu caso, o meu corpo, non produce insulina polo que o azucre quédase arredor da célula e non pode entrar. Eu preciso inxectar insulina para que a porta da célula poida abrirse. Ademais teño que ter coidado co que como e co exercicio que fago segundo teña os meus niveis de azucre en sangue- explicou Diego.

- Que podemos facer nós para axudar aos nosos compañeiros? -dixo Xoán.

A mestra comentoulles:

- Tedes que evitar darlles cousas que lles fagan dano e, por iso, ESTE ANO NON PODEDES COMPARTIR AS MERENDAS!

Elisa preguntou:

- Cando sexa o meu cumpreanos podo traer un biscoito feito pola miña avoa e compartilo cos demais?

- Moi boa pregunta, Elisa. Iso dependerá dos ingredientes que leve.

Alonso, que está sempre un pouco despistado, preguntou:

- E se traio chocolatinas para repartir no recreo?

- É importante compartir pero...recordas o que acabamos de dicir fai un anaco? -precisou a mestra.

E todos dixeron a coro:

- ESTE ANO NON PODEREMOS COMPARTIR AS MERENDAS!!!

Foi pasando o tempo. Pasou o outono, logo o inverno e por fin chegou a florida primavera. En todo este tempo a convivencia foi perfecta. Aquilo que tanto lles preocupara ao principio de curso, ao final foi levado coa maior normalidade e naturalidade do mundo. Así que Manuel, Alexia e Diego participaron sen ningunha dificultade en todas as actividades do cole.

Un día, cando chegaron a clase, decatáronse de que Alexia e Manuel non estaban. Enriba da mesa da profesora había un misterioso sobre asinado polo doutor Alérxeno. A profe un pouco asustada e preocupada abriuno.

- Quen será ese doutor Alérxeno? -empezaron a preguntarse.

Xa ao arredor da mestra, todos escoitaron con moita atención a mensaxe que dicía:

"Son o doutor Alérxeno e secuestrei aos vosos compañeiros, Alexia e Manuel. Farei con eles moitos experimentos. Quero ser o investigador máis malvado do mundo!!!"

Para quen non o saiba, o doutor Alérxeno vive nun tenebroso e lúgubre castelo no alto do monte da Curota. Moita xente da vila evita pasar preto do castelo xa que por toda a Pobra do Caramiñal circulan misteriosos murmurios sobre a súa forma de ser e as súas malas prácticas. Era un vello coñecido, pero ninguén conseguira collelo coas mans na masa.

Sen pensalo dúas veces a mestra convocou unha asemblea para buscar a maneira de salvar a Manuel e Alexia. Era unha misión moi perigosa xa que as malas linguas dicían que todos os que merodeaban polos arredores do castelo desaparecían para sempre e nunca se volvía saber deles. Dicían que había pasadizos e corredores aos que era moi doado entrar pero moi difícil de saír...! Esa era razón pola que nunca ninguén conseguira atrapalo.

Entre todos comezaron a idear un fantástico plan.

- Que vos parece se chegamos ao alto do monte nun helicóptero e baixamos con cordas ata o patio do castelo?- dixo Lois.

-Faríamos moito ruído e non sería un ataque sorpresa- dixo María moi seria.

-E se facemos como na lenda de "Teseo e o Minotauro"?- preguntou Sandra.

-Pero... que terá que ver a lenda de "Teseo e o Minotauro" coa nosa misión segreda?-dixo sorprendido Rafa.

A profe botou as mans á cabeza e dixo:

-Despois de traballar tanto esta lenda xa non te acordas, Rafa?

-Ah, xa sei! -dixo Rafa-. O Minotauro era un ser mitolóxico con corpo de home e cabeza de touro que vivía nun labirinto en Creta do cal era moi sinxelo entrar pero moi difícil saír. Teseo, o príncipe de Atenas, ofreceuse voluntario para matar ao Minotauro. A Ariadna, a filla do rei de Creta, ocorréuselle a maneira de saír do labirinto empregando un nobelo de la. Teseo debía atar o cabo do nobelo á entrada, e así, a medida que penetraba o labirinto o fío percorrería todo o camiño, e unha vez morto o Minotauro, o iría enrolando ata chegar á saída.

- Moi ben nenos!- exclamou a profe-. Mañá todos deberedes traer un nobelo de la, unha lanterna, a merenda por si temos fame e iremos a rescatar a Manuel e Alexia.

Entón María preguntou preocupada:

- E se chegamos ao castelo e os nosos compañeiros están maliños porque o doutor Alérxeno obrigounos a comer o que non podían? Como lles poderiamos axudar?

- Non vos preocupedes, levarei na miña mochila varias xeringas de adrenalina e o meu móbil por si é preciso chamar ao 112, que é un teléfono de emerxencias- explicou a mestra.

- Pero, que é adrenalina?

- A adrenalina é unha substancia que se inxecta para evitar una reacción alérxica xeralizada que pode ser moi grave, incluso mortal.

Ao día seguinte, moi cedo pola mañá, todos saíron cara a Curota coas súas mochilas ás costas e coas pilas cargadas de enerxía para vencer ao doutor Alérxeno. Tamén levaban nunha caixa unha deliciosa tarta de chocolate. Sabían que o doutor Alérxeno tiña sona de ser moi larpeiro e quizais este doce lle serviría de axuda na súa misión.

Cando chegaron á entrada do castelo detivéronse e quitaron das súas mochilas os nobelos de la e atáronos para que lles servisen de guía para poder saír.

Entraron no patio de armas e escoitaron os berros dos seus compañeiros que estaban na torre máis alta dese lúgubre castelo. Cando chegaron á porta principal do castelo ataron a la e comezaron a desenrolar os seus nobelos e a subir polos pasadizos que levaban á torre. Ao lonxe escoitaron uns misteriosos gruñidos que resoaban por todo o castelo e ao cabo duns poucos segundos, diante deles, apareceu un enorme e negro can mostrando os seus afiados dentes. Rapidamente Lois sacou da súa mochila o bocadillo de chourizo que tiña para merendar e lanzoullo. Tanta fame pasaba aquel canciño que cando comeu aquel bocata quedou tremendamente agradecido e guiounos ata a sala onde estaban os seus compañeiros.

Cando chegaron á torre atopáronse co laboratorio do doutor Alérxeno. Viron a Alexia e Manuel atados de pés e mans e metidos nunhas gaiolas mentres o doutor Alérxeno remexía ingredientes nunha enorme marmita. Tiñan que idear un plan para despistar ao doutor Alérxeno.

Queredes saber cal foi?

Os nenos e nenas petarían moi forte na porta do laboratorio e deixarían unha grande tarta de chocolate. Cando o doutor Alérxeno abrise a porta, como lle gustan tanto os doces, comezaría comer a tarta. Nese momento María e Xoán colaríanse por unha esquina e abrirían as gaiolas para liberar aos seus compañeiros.

Pois así o fixeron e realmente funcionou.

Tanto lle gustou a tarta ao doutor Alérxeno que comeuna toda e empachou. E... xa sabedes, nenos e nenas, que cando comes algo demasiado doce, a barriga comeza a doer. Pois iso mesmo lle pasou ao doutor Alérxeno. Despois da enchenta, sentouse e comezou a sentirse moi pero que moi mal. Empezou a ter suores fríos, latexos fortes do corazón e non podía respirar ben. Nese intre os nenos e nenas decatáronse de que o doutor Alérxeno era tamén alérxico!!! Era alérxico ao chocolate!!!! Estaba sufrindo un ataque anafiláctico.

Nun primeiro momento pensaron en saír pitando pero… cando viron ao doutor Alérxeno tan maliño todos pensaron que non podían abandonalo nese estado. Déronse conta de que o doutor Alérxeno tamén tiña o mesmo perigo que os seus compañeiros de sufrir un ataque. Así que rapidamente a mestra chamou ao 112, tumbouno boca arriba, levantoulle as pernas e sacando da súa mochila aquel remedio, chamado adrenalina, que ía salvar a súa vida inxectoullo na perna. Pouco a pouco o doutor Alérxeno foise atopando mellor.

O doutor Alérxeno quedou tan agradecido pola bondade dos nenos e nenas que decidiu liberar definitivamente a Alexia e Manuel e axudar a todos a saír do seu intricado castelo.

A partir dese momento o doutor Alérxeno dedicou toda a súa sabedoría e esforzos en atopar unha vacina que curase a todas as persoas alérxicas.

A día de hoxe, o doutor Alérxeno, segue no seu laboratorio investigando e investigando novas fórmulas para atopar esa milagreira vacina. Pero...mentres isto non ocorra, non olvidedes unha cousiña:

EVITADE DAR OU POÑER EN CONTACTO ÁS PERSOAS ALÉRXICAS A ESAS SUBSTANCIAS OU ALIMENTOS QUE LLES SENTAN TAN TAN MAL.


Este ano non podemos compartir as merendas!!!
Non

ESTE ANO NON PODEMOS COMPARTIR AS MERENDAS.
Quiero un pedazo de tu bocadillo
NO GRACIAS

Este ano non podemos
compartir merendas.

EVITA COMPARTIR A MERENDA SE NA TÚA CLASE HAI ALGUÑ NEN@ ALÉRXIC@ OU CON DIABETES.

Cambiache a merenda
Non podo. Eu son alérxico a alguns alimentos

Fin

Conto escrito por:

Ana Agulla Escáneo.

Silvia López Rodríguez.

Susana Santamaría Olveira.

Ilustrado por:

Alumnado de 1º B, 1º C e 5º A do CEP Salustiano Rey Eiras.